



CIRCULAR 27-2025

IX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS SUB 16

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia de Lanzamentos Longos Sub 16, a celebrar o 9 de febreiro nas pistas de atletismo do Estadio Municipal de Calabagueiros (O Barco).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA.

- Poderán participar, en cada especialidade, os/as 12 atletas inscritos/as con mellor marca durante as tempadas 2024 e 2025.
- Cada atleta poderá participar nun máximo de dúas probas.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 3 de febreiro.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do mércores 5 de febreiro e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.8).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA DA PROBA	PROBA	ENTREGA DE PREMIOS
9:55	10:00	10:05	10:30	Disco Mulleres	12:15
11:20	11:25	11:30	11:55	Disco Homes	13:40
12:45	12:50	12:55	13:20	Xavelina Mulleres	14:30
14:55	15:00	15:05	15:30	Xavelina Homes	17:15
16:15	16:20	16:25	16:50	Martelo Mulleres	18:35
17:45	17:50	17:55	18:20	Martelo Homes	19:35



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.9).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.10).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, no seguinte caso:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa antes das 48 horas previas ó inicio do campionato, non tome parte da mesma.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 21 de xaneiro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo